

62

La Voz de Galicia

Cultura

Cesáreo Sánchez foi reelexido presidente da Asociación de Escritores xunto co resto da directiva

La Voz

SANTIAGO | A Asociación de Escritores en Lingua Galega reelexiu onte a Cesáreo Sánchez para un terceiro mandato como presidente desta entidade que conta con 370 autores asociados. A directiva, que tamén repite ao completo, ampliouse coas incorporacións de Francisco Castro e Elvira Riveiro.

As eleccións celebráronse no marco da asemblea anual ordinaria que, entre outros acordos, tomou o de distinguir coa letra E de Escritor na súa Terra a Agustín Fernández Paz, último premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén decidiron duplicar o galardón de Escritor Galego Universal ao ámbito da Lusofonía, sendo o elixido Luandino Vieira, e dedicar a homenaxe Os bos e Xenerosos á escritora Mariví Vilaverde, personificando nela aos que sufrieron a represión e o exilio e a reivindicación da memoria histórica. Outra novedade aprobada foi crear un premio ao mellor blog literario do ano.